

Expte. 8521-307

DESTINATARIO:
MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO:

VALORACIÓN DAS OFERTAS PRESENTADAS (SOBRE B “PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE XUÍZO DE VALOR”) PARA A CONTRATACIÓN POLO PROCEDEMENTO ABERTO DAS OBRAS DE:

ACTUACIÓNS PREPARATORIAS ORIENTADAS AO DESENVOLVEMENTO DO 3º PROGRAMA PARA PINTADO DE MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA NA VÍA PÚBLICA. (expte 8521-307)

INFORME:

A mesa de contratación realizou a apertura da documentación presentada polas empresas que optan a adxudicación das obras de referencia, dando traslado da documentación presentada no sobre B “proposición avaliable mediante xuízo de valor” para a súa avaliación por parte dos servizos técnicos do servizo xestor do expediente. De acordo coa acta da mesa de contratación foron admitidas as ofertas das empresas que se indican a continuación:

- 1. ACEVI SL ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES SL**
- 2. ORECO S.A**
- 3. OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS SA**
- 4. PRACE SERVICIOS Y OBRAS S.A.**

A valoración das ofertas realizarase de acordo co establecido no apartado 8.A., das FEC, no cal se indican os criterios para a avaliación mediante xuízo de valor.

O proxecto de organización e prestación das obras ten unha valoración máxima de **30 puntos**. O proxecto divídese nos seguintes apartados:

▢ **Organización do persoal:** valorarase con ata **10 puntos**

Neste apartado valorarase o organigrama do persoal que adscribirase ó programa, as súas categorías profesionais, e a organización e distribución do traballo entre o mesmo.

▢ **Plan de traballo:** valorarase con ata **5 puntos**

Valorarase o nivel de detalle na organización e distribución dos traballos que se describen no prego de prescricións técnicas.

▢ **Plan de amoreamentos e instalacións auxiliares:** valorarase con ata **5 puntos**

Valorarase a localización proposta para os amoreamentos, as instalacións auxiliares, e a custodia dos materiais empregados polos artistas.

▢ **Plan de seguridade:** valorarase con ata **5 puntos**



Expte. 8521-307

Valorarase as medidas propostas de sinalización e seguridade que se adoptarán en cada un dos espazos obxecto do contrato.

□ **Plan de seguimento e control das actuacións:** valorarase con ata 5 puntos

Valorarase as medidas propostas para o seguimento e control das actuacións.

Tendo en conta dentro dos aspectos recollidos nas FEC os contidos citados anteriormente indicados no apartado 8.A. das FEC e as características e peculiaridades da obra de referencia, procedese a revisión técnica da documentación presentada por cada licitador, segundo se recolle no apartado referente a cada un de eles.



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo	Data impresión: 14/06/2017 13:05	Páxina 2 de 7
Expediente 8521/307	Código de verificación: 28EA4-53BC4-E52CE-B23B4	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica http://www.vigo.org/csv		

Expte. 8521-307

(VALORACIÓN SOBRE B “PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE XUÍZO DE VALOR”)

ACEVI SL ACTIVIDADES DE CONSTRUCCION EDIFICACION Y VIALES SL

A) ORGANIZACIÓN DO PERSOAL

Propón un equipo de traballo por actuación, enumerando 13 equipos, ademais dun equipo técnico, con categorías profesionais adecuadas, aínda que no organigrama unicamente se mostran dous equipos de traballo. Así mesmo non desenvolve suficientemente a organización e distribución temporal do traballo nos equipos indicados.

Polo que a puntuación obtida neste apartado é **4 puntos**.

B) PLAN DE TRABALLO

Presenta diagrama de Gant acorde co prazo de obra e específico para cada ámbito de actuación, coas unidades a executar en cada un, aínda que non desenrola convenientemente a distribución dos traballos cos equipos propostos.

A puntuación obtida en este apartado é de **3 puntos**.

C) PLAN DE AMOREAMENTOS E INSTALACIÓNS AUXILIARES

Presenta a localización dos amoreamentos e instalacións auxiliares sobre fotografía aérea. Propón caseta , contedor e WC para cada localización e un equipo de persoas encargadas dos mesmos para mantelos en perfecto estado.

A puntuación obtida en este apartado é de **4 puntos**.

D) PLAN DE SEGURIDADE

Presenta medidas específicas de sinalización e seguridade para cada ámbito de actuación, situándoas sobre foto aérea e con indicacións gráficas detalladas. Presenta ademais medidas preventivas xenéricas dos medios auxiliares de obra utilizados na obra.

A puntuación obtida en este apartado é de **5 puntos**.

E) PLAN DE SEGUIMIENTO E CONTROL DAS ACTUACIÓNS

Define os obxectivos e funcións en canto a seguemento e control do xefe de obra e do encargado. Presenta como medidas para o seguemento e control a elaboración dun plan de seguemento e aporta fichas xenéricas de seguemento e control da obra.

A puntuación obtida en este apartado é de **3 puntos**.



Expte. 8521-307

(VALORACIÓN SOBRE B “PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE XUÍZO DE VALOR”)

ORECO S.A

A) ORGANIZACIÓN DO PERSOAL

Presenta organigrama con formación e categorías profesionais adecuadas para os traballos asignados a cada posto. Organiza e distribúe o traballo en catro equipos de tres persoas, con dispoñibilidade horaria nocturna e fin de semana en caso de retraso, e con asignación das tarefas e distribución temporal.

Polo que a puntuación obtida neste apartado o é **10 puntos**.

B) PLAN DE TRABALLO

Describe as actuacións a levar a cabo de maneira específica, aportando fotos dos ámbitos de actuación. Presenta un diagrama de Gant acorde co prazo de obra, con unidades de obra específicas aplicadas sobre cada ámbito no que se actúa. Presenta un alto nivel de detalle aportado no plan de traballos.

A puntuación obtida en este apartado é de **5 puntos**.

C) PLAN DE AMOREAMENTOS E INSTALACIÓNS AUXILIARES

Presenta a situación dos amoreamentos e instalacións auxiliares para a execución do traballo sobre foto aérea, específica para cada caso, intentando respectar o uso normal dos espazos públicos. Propón contedores metálicos onde se custodiarán os materiais a empregar polos artistas.

A puntuación obtida en este apartado é de **4 puntos**.

D) PLAN DE SEGURIDADE

Presenta de maneira xenérica os posibles riscos e medidas preventivas de seguridade tendo en conta as unidades de obra a executar e o material auxiliar empregado. Non detalla convenientemente a sinalización de obra.

A puntuación obtida en este apartado é de **2 puntos**.

E) PLAN DE SEGUIMIENTO E CONTROL DAS ACTUACIÓNS

Propón o seguemento e control das obras baixo a responsabilidade do xefe de obra e o encargado, mediante visitas a obra. Non recolle convenientemente metodoloxía específica para o control da obra.

A puntuación obtida en este apartado é de **2 puntos**.



Expte. 8521-307

(VALORACIÓN SOBRE B “PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE XUÍZO DE VALOR”)

OBRAS Y CONSTRUCCIONES DIOS SA

A) ORGANIZACIÓN DO PERSOAL

Non presenta organigrama, unicamente presenta lista de persoal sen definir funcións de cada un. Non reflexa organización e distribución do traballo nos distintos ámbitos de actuación.

Polo que a puntuación obtida neste apartado é **1 punto**.

B) PLAN DE TRABAJO

Non presenta programa de traballos asignado no tempo, nin indica as unidades de obra a executar nin define a organización dos traballos.

A puntuación obtida en este apartado é de **0 puntos**.

C) PLAN DE AMOREAMENTOS E INSTALACIÓNS AUXILIARES

Non propón localización específica para cada ámbito dos amoreamentos, das instalacións auxiliares e custodia dos materiais.

A puntuación obtida en este apartado é de **0 puntos**.

D) PLAN DE SEGURIDADE

Propón de maneira escueta medidas de sinalización xenéricas unicamente en dous casos. Non propón medidas de seguridade específicas.

A puntuación obtida en este apartado é de **1 punto**.

E) PLAN DE SEGUIMIENTO E CONTROL DAS ACTUACIÓNS

Non propón medidas para o seguemento e control das actuacións.

A puntuación obtida en este apartado é de **0 puntos**.



Expte. 8521-307

(VALORACIÓN SOBRE B “PROPOSICIÓN AVALIABLE MEDIANTE XUÍZO DE VALOR”)

PRACE SERVICIOS Y OBRAS S.A.

A) ORGANIZACIÓN DO PERSOAL

Presenta organigrama claro asignando postos de traballo, aporta experiencia de cada persoa. Define as funcións dos distintos postos do organigrama. As categorías profesionais propostas considéranse adecuadas para as labores a desenrolar en cada posto. Organiza e distribúe o traballo mediante tres equipos de traballo formados por dúas persoas cada un, contemplando a posibilidade de que un deles actúe de reforzo ante a posibilidade de retraso. Presenta ademais persoal técnico e administrativo con titulacións adecuadas aos postos asignados e distribución temporal.

Polo que a puntuación obtida neste apartado é **9 puntos**.

B) PLAN DE TRABAJO

Describe tódalas actuacións a executar aportando fotos dos ámbitos. Propón unha planificación do traballo dentro do prazo de obra e aporta un diagrama de Gant específico para cada ámbito e con desenrolo de unidades de obra e asignación de cada equipo de traballo. Presenta un adecuado nivel de detalle aportado no plan de traballos.

A puntuación obtida en este apartado é de **4 puntos**.

C) PLAN DE AMOREAMENTOS E INSTALACIÓNS AUXILIARES

Establece as oficinas de obra na delegación da empresa en Vigo. Explica mediante texto a situación do amoreamento e instalacións auxiliares en cada caso concreto. Enumera os medios auxiliares a utilizar en cada localización. Propón un arcón de 3x1,1x1,5 m de chapa de aceiro galvanizado para o almacenamento do material artístico.

A puntuación obtida en este apartado é de **3 puntos**.

D) PLAN DE SEGURIDADE

Presenta medidas de prevención de seguridades e riscos e de sinalización xenéricas tendo en conta as actividades a realizar na obra.

A puntuación obtida en este apartado é de **3 puntos**.

E) PLAN DE SEGUIMIENTO E CONTROL DAS ACTUACIÓNS

Propón unha xestión do programa de traballos en tres fases, contemplando a posibilidade de desfases. Presenta de maneira xenérica a redacción do PAC e presenta fichas do programa de puntos de inspección para cada actividade.

A puntuación obtida en este apartado é de **4 puntos**.

Páx. 6 7



Copia auténtica do orixinal - Concello de Vigo

Data impresión: 14/06/2017 13:05

Páxina 6 de 7

Expediente 8521/307

Código de verificación: 28EA4-53BC4-E52CE-B23B4

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección da sede electrónica <http://www.vigo.org/csv>

Expte. 8521-307

CADRO RESUMEN DA AVALIACIÓN DOS CRITERIOS POR XUÍZO DE VALOR:

De acordo cos aspectos, motivación e puntuación indicados no presente informe, se emitea táboa do ANEXO I, que se xunta ao presente informe, onde se resume a valoración proposta en cada criterio para cada unha das empresas licitadoras.

Do contido do presente informe e da táboa anexa, desprendese como resumen os seguintes datos de avaliación dos criterios por xuízo de valor das ofertas presentadas (sobre b “proposición avaliable mediante xuízo de valor”) para a contratación polo procedemento aberto de:

ACTUACIÓNS PREPARATORIAS ORIENTADAS AO DESENVOLVEMENTO DO 3º PROGRAMA PARA PINTADO DE MEDIANEIRAS E OUTROS ELEMENTOS VERTICAIS CON INCIDENCIA NA VÍA PÚBLICA. (expte 8521-307)

LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL CRITERIOS XUICIO DE VALOR
ACEVI	19,00
ORECO	23,00
DIOS	2,00
PRACE	23,00

Do presente informe dáselle traslado a Mesa de Contratación para que a vista de este, e en virtude das súas competencias, proceda a continuación do expediente ou solicite novos informes técnicos segundo considere oportuno.

Vigo, á data da sinatura dixital

O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos-Asdo: Jerónimo Centrón Castaños

A Enxeñeira Industrial-Asdo: Begoña Arranz González

CONFORME:

A Xefa do Servizo de Patrimonio Histórico-Asdo: María Gómez Janeiro

